

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de maio de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día oito de maio de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(424).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DENEGACIÓN
EXPTE. 01/1258**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Denegar a prestación do Servizo de Axuda no fogar a D^a. Flora Moreno García. Expte. 01/1258.

2(425).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2/1498, 2/1510.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- D^a. M^a Zulema Pardavila Martínez. Expte. 02/1498.
- D. Amado López Grandío. Expte. 02/1510.

3(426).- ADXUDICACIÓN DE CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ. EXPTE. 7546/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Cemiterios, do 17.04.06, conformado polo xefe do Sector de Acción social e polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, os cinceiros que para cada un se expresan, segundo emprazamento e número, nos cemiterios municipais que de seguido se sinalarán:

CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRO

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
MIGUEL HERNANDEZ BERNARDEZ	1	36	5
ELISA NIEVES CARBALLO RODRIGUEZ	2	36	5
MARIA CARMEN AGUILERA COSTAS	3	36	5
FIDEL MARTIN SANCHEZ	4	36	5
HONORIO VEGAS MARTIN	5	36	5
JOAQUINA ALONSO CASTRO	6	36	5
MILAGROS TABOAS FERNANDEZ	7	36	5
MANUEL REY PIÑEIRO	8	36	5
BERNARDO MARTINEZ NOGAREDA	9	36	5
ELDA GONZALEZ PARENTE	10	36	5

MARIA CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ	11	36	5
<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
CLARA COUCE MARTINEZ	12	36	5
CONCEPCION RODRIGUEZ BELEIRO	13	36	5
MARIA JOAQUINA LOPEZ VIDAL	14	36	5
JOSEFA FERNANDEZ ALBOR	15	36	5
MARIA SOLEDAD TORRES MARTINEZ	16	36	5
MARIA JESUS RODRIGUEZ GONZALEZ	17	36	5
MARIA CARLOTA NOGUEIRA ABREU	18	36	5
JOSEFA LOZANO GARCIA	19	36	5
LUISA ALONSO VAZQUEZ	20	36	5
ROSA LUZ CABEZAS PINTOR	21	36	5
PILAR DOMINGUEZ VAZQUEZ	22	36	5
GLORIA PEREZ RUIZ	23	36	5
MERCEDES NEIRA ARES	24	36	5
JOSEFA ENRIQUEZ MONTEMUIÑO	25	36	5
ANTONIO GONZALEZ PEREZ	26	36	5
Mº JESUS POSSE NUÑEZ	27	36	5
MARIA FLORA VAQUEIRO VAQUEIRO	28	36	5
MANUELA SALGUEIRO VIEJAS	29	36	5
ANA MERCEDES BON PASTOR BATALHA	30	36	5
MARIA CONDE GONZALEZ	31	36	5
DOLORES DE LA FUENTE ESTEVEZ	32	36	5
ARTURO GONZALEZ ALVAREZ	33	36	5

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
ERLINDA SANTOS FERNANDEZ	34	36	5
MARIA ACACIA GONZALEZ DOMINGUEZ	35	36	5
MARIA TERESA PEDRERO ALONSO	36	36	5
MARIA DELIA SALGADO GARCIA	37	36	5
JACINTA RODRIGUEZ JIMENEZ	38	36	5
MARIA DOLORES FERNANDEZ FERRO	39	36	5
MARIA LUISA SILVA SOUSA	40	36	5
JOSEFA RODRIGUEZ GOMEZ	41	36	5
AMELIA FAJARDO REBOLLIDO	42	36	5
DOMITILA GONZALEZ RODRIGUEZ	43	36	5
MARIA FERNANDEZ CARRERA	44	36	5
EVARISTO VAZQUEZ LAMAS	45	36	5
MARIA CARMEN SOUSA VILLAVERDE	46	36	5
MARIA BLANCA BARREIRO VILLAR	47	36	5
ROSARIO PARDO GOYANES	48	36	5
MARIA CARME FERNANDEZ GONZALEZ	49	36	5
MONICA FERNANDEZ GUTIERREZ	50	36	5
MARIA BEATRIZ MARTINEZ BARREIRO	51	36	5
RUFINO DANIEL CUADRADO PROVEDO	52	36	5
MARIA ADRIANA VAZQUEZ PENA	53	36	5
MARIA CARMEN MARTINEZ SILVA	54	36	5
ELADIO BOUZAS MARTINEZ	55	36	5
VALERIANO ESCARDA LOPEZ	56	36	5

EMILIA CASALES GONZALEZ	57	36	5
-------------------------	----	----	---

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
------------------------------	-----------------	---------------	-------------

ANGELES JUSTO HERNANDEZ	58	36	5
-------------------------	----	----	---

MARIA ROSA RIVERA REGUEIRO	59	36	5
----------------------------	----	----	---

PURIFICACION GARCIA FERNANDEZ	60	36	5
-------------------------------	----	----	---

EMILIO GOMEZ TOUCEDA	61	36	5
----------------------	----	----	---

ANA MARIA SALGADO FERNANDEZ	62	36	5
-----------------------------	----	----	---

MARIA CARMEN CASTRO MOSQUERA	63	36	5
------------------------------	----	----	---

NIEVES PIN YEBRA	64	36	5
------------------	----	----	---

MARIA CARMEN RUIZ ROMANO	65	36	5
--------------------------	----	----	---

DOLORES GARCIA MOJON	66	36	5
----------------------	----	----	---

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ MARCOS	67	36	5
-------------------------------	----	----	---

LUIS MANUEL VELA MARTIN	68	36	5
-------------------------	----	----	---

LOURDES ALEN ABELEDO	69	36	5
----------------------	----	----	---

MARIA LUZ FERREIRO MOREIRA	70	36	5
----------------------------	----	----	---

FERNANDO PUENTES GONZALEZ	71	36	5
---------------------------	----	----	---

MARIA TERESA VAZQUEZ SUAREZ	72	36	5
-----------------------------	----	----	---

ILDEFONSA RAMOS CRUZ	73	36	5
----------------------	----	----	---

ADELA SARTIEL MELIJOSA	74	36	5
------------------------	----	----	---

MARIA ELENA FARIÑA PESTONIT	75	36	5
-----------------------------	----	----	---

ALBERTO GOMEZ RODRIGUEZ	76	36	5
-------------------------	----	----	---

AMPARO CAMPOS VILLAR	77	36	5
----------------------	----	----	---

CASIMIRO JUSTO ALONSO	78	36	5
-----------------------	----	----	---

CARMEN LOPEZ RIVAS	79	36	5
AMABLE FERNANDEZ RODRIGUEZ	80	36	5
<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
MARIA CARMEN LOPEZ GONZALEZ	81	36	5
MARIA PAZ RAMOS BREA	82	37	5
Mª ASUNCION JUANA SILVA GONZALEZ	83	36	5
MANUEL LUIS TEIJEIRO PORTUGUES	84	36	5
MARIA CASAL DOPAZO	85	36	5
MARIA ANGELES LAGO VELANDO	86	36	5
FERNANDO ARTAL MARTINEZ	87	36	5
MARIA NIEVES QUINTELA PRIETO	88	36	5
NATIVIDAD DE LA CRUZ RENOVALES	89	36	5
ALICIA GONZALEZ DACOSTA	90	36	5
MARIA DEL PILAR GRANADA NEIRA	91	36	5
ROSA MOURIÑO GAGO	92	36	5
IRENE BONET GARRIDO	93	36	5
MARIA JOSEFA OTERO QUEIJA	94	36	5
MARIA ROSA FERREÑO RODRIGUEZ	95	36	5
TERESA BREA PEDREIRA	96	36	5
JOSE CAO ALONSO	97	36	5
MARIA TERESA SERRANO PEREZ	99	36	5
JOSE REGUEIRO CACHARRON	100	36	5
DOLORES RODRIGUEZ VILAS	101	36	5
MARIA DOLORES LOPEZ LOPEZ	102	36	5

ALFONSO GARRIDO GARRIDO	103	36	5
ALICIA LIBERTA DIEZ BLANCO	104	36	5
MARIA PILAR NUÑEZ PEREZ	105	36	5

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
------------------------------	-----------------	---------------	-------------

MILAGROS CASTRO MARTINEZ	106	36	5
MARIA CRISTINA RODRIGUEZ MARTINEZ	107	36	5
JOSE BOVEDA GOMEZ	108	36	5
LUISA DOMINGUEZ AMOEDO	109	36	5
CLARA LAGO FERREIRA	110	36	5
DOLORES ISAB EL ZAMORANO RAMOS	111	36	5
FERNANDO ROMERO IGLESIAS	112	36	5
MARIA JOSE LOURIDO MARQUES	113	36	5
DOLORES DOURAL NUÑEZ	114	36	5
AMELIA PORRAS PEREZ	115	36	5
JORGE FERNANDEZ CORDOVES	116	36	5
MARIA JOSEFA FERNANDEZ RODRIGUEZ 117		36	5
CARMEN POZO PEREIRA	118	36	5
CESAR ALVAREZ RICO	119	36	5
CELIA CARMEN VAZQUEZ QUINTEIRO	120	36	5
MARCIAL MARTINEZ ALFONSO	121	36	5
BASILIO VALADO BARCIELA	122	36	5
GABRIEL ALVAREZ GARCIA	123	36	5
ELISA CONCEPCION SANCHEZ ALVAREZ	124	36	5
MARIA CARMEN VILA PEREZ	125	36	5

MARIA CARMEN NAÑEZ GONZALEZ	126	36	5
XOSE ANXO VAZQUEZ GONZALEZ	127	36	5

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
------------------------------	-----------------	---------------	-------------

MONTSERRAT CHIERRONI SANCHEZ	128	36	5
ANTONIO LUIS FERREIRA ALVAREZ	129	36	5
CONSUELO PRESA COMESAÑA	130	36	5
REMEDIOS PEGO PEGO	131	36	5
JESUS MUÑOZ CUARTERO	132	36	5
ROGELIA EMMA MATOS ALBERTINO	133	36	5
MARIA CONCEPCION LOJO AGRELO	134	36	5
ANGEL FREAZA FERNANDEZ	135	36	5
CARMEN MARTINEZ IGLESIAS	136	36	5
FRANCISCA MONTALBAN HERNANDEZ	137	36	5
MARISOL PENA FIGUEIRAS	138	36	5
LOURDES MANUELA SOTO VIDAL	139	36	5
MARIA SOLEDAD ALONSO CERQUEIRA	140	36	5
AGUSTIN RODRIGUEZ CARBALLO	141	36	5
MANUEL GUSTAVO PEREZ SOLANA	142	36	5
ANTONIO ALVAREZ MINGUEZ	143	36	5
MARIA DOLORES FERNANDEZ GONZALEZ	144	36	5
CARMEN RIAL MORENO	145	36	5
MODESTO GALLEGO VALAT	146	36	5
MARIA CARMEN PILAR PARDAVILA FIEL 147		36	5

MILAGROS BLANCO CID	148	36	5
GUILLERMO FRANCISCO BERNARDEZ	149	36	5
MARIA DEL PILAR RODRIGUEZ NOVOA	150	36	5
MARLENE GONZALEZ TEDIN	151	36	5

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
MARIA JOSEFA LOMEÑA RODRIGUEZ	152	36	5
PILAR RIOS MEIJIDE	153	36	5
VICTOR JOSE RIOBO CAMPOS	154	36	5
MARIA MERCEDES RODRIGUEZ GONZALEZ	155	36	5
MARIA NATALIA MONTERO ROIBAS	244	2ª andanada	4
MANUEL FAYA BOUBETA	258	3ª andanada	4
XOSEFINA FERNANDEZ LEAL	142	4ª andanada	1

2º.- As adxudicacións outórganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do nicho ou cinceiro adxudicado.

3º.- De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do art. 5º da Ordenanza. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

4(427).- PROPOSTA PARA VENDA OA PÚBLICO DO LIBRO “LENINGRAD” E FIXACIÓN DO PREZO. EXPTE. 136/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Verbum, do 3.05.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a venda dos 350 exemplares propiedade do Concello de Vigo, do libro “Leningrad”, de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada, estimados en 10 € mais o 4% de IVE, e tal e como foi recollido na solicitude do ISBN correspondente.

2º.- Autorizar a venda do libro “Leningrad” de acordo co contrato adxunto (AnexoI) a asinar polo Concello de Vigo con aqueles museos interesados nesa venda, e de acordo ás estipulacións contidas no mesmo, así como nas dependencias da Casa das Artes e do Museo Verbum – Casa das Palabras, polo prezo antedito.

3º.- Autorizar a D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, para a asinatura deses contratos.

ANEXO I

En Vigo a de de 2006

COMPARECEN

Dunha parte Don....., maior de idade, con DNI nº....., actuando en nome e representación do Verbum-Casa das Palabras, con domicilio en....., entidade dependente da Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

Doutra parte Don....., maior de idade, con DNI nº....., actuando en nome e representación do Museo....., con domicilio en.....

Recoñecendo a capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato, lévano a cabo dacordo cos seguintes antecedentes e estipulacións.

ANTECEDENTES

I.- Que o Verbum-Casa das Palabras é un museo interactivo centrado na comunicación e que desenvolve diversas actividades como exposicións, actos, conferencias e similares sobre a mesma. Que o Museo ten como obxectivo promover o traballo de novos creadores e de novas formas de expresión cultural.

II.- Que o Verbum-Casa das Palabras é Editor dun libro publicado de collages e poemas do que son autores Miguel Calvo Ulloa e Xosé Carlos Rodríguez, desexando que a súa venda se produza de forma exclusiva en diferentes museos, e a tal efecto outorga o presente contrato de conformidade coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

- I.- O Verbum-Casa das Palabras entrega ó Museo.....a seguinte mercancía:
30 exemplares do Libro Leningrad, encargándolle a éste a súa venda ó público, na tenda habilitada a tal efecto.*
- II.- O Museo.....confirma ter recibido a mercancía descrita.*
- III.- O prezo de venda dos exemplares ao Museo será de 10 euros máis un 4 % de IVE, entendéndose éste como prezo final da mercancía.*

IV.- Para a venda da mercancía o Museo.....contratará no seu propio nome, quedando obrigado dun modo directo coas persoas con quen contratare, que non terán acción contra o Verbum, nin este contra aqueles.

V.- A comisión que percibirá o Museo..... pola venda dos exemplares será do.....% sobre o prezo final a mercancía (cláusula III). Isto suporá o prezo final de venda por conta deste Museo.

VI.- A mercancía terá que ser vendida no prazo de 6 meses a contar desde a aprobación da venda pola Comisión de Goberno, dacordo coa ordenanza nº. 41 (ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMINISTRACIÓN DE LIBROS, ...)

VII.- Si o Museo non cumpre a comisión aceptada ou empezada a evacuar, será responsable dos danos que sobreveñan ao Verbum-Casa das Palabras.

VIII.- O Museo non poderá delegar por si o encargo recibido.

IX.- O Museo responderá da mercancía recibida nos términos e coas condicións e calidades sinaladas.

X.- O Museo non poderá comprar para si nin para outro ao que se lle encargou vender, salvo documento anexo que estipulare outra cousa.

XI.- O Museo deberá satisfacer á Tesourería Xeral do Concello de Vigo o importe dos exemplares vendidos dacordo co prezo estipulado na cláusula III (10 euros + 4% de IVE). Esta liquidación farase antes do remate da data que aparece referida na cláusula VI.

XII.- En todo o que non está previsto no presente contrato haberá que estar ao disposto no Código de Comercio, nas Leis Especiais e nas regras xerais do Dereito Común.

XIII.- Para resolver calquera cuestión derivada do presente contrato, as partes sométense expresamente ós Tribunais de Vigo, con renuncia do foro propio.

E en proba da súa conformidade, as partes torgan e asinan o presente contrato, en Vigo a de de 2006.

5(428).- SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP PÁRROCO D. CAMILO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O “CROSS ESCOLAR PÁRROCO D. CAMILO” O DÍA 14.05.06 EN MATAMÁ. EXPTE. 6142/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 28.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA do CEIP Párroco D. Camilo a organizar o vindeiro día 14 de maio de 2006 o cross escolar denominado "Cross escolar Párroco D. Camilo", que está previsto se desenvolva nos

arredores do CEIP Párroco D. Camilo e na estrada Matama Pazo e na zona da Igrexa de Matama, entre as 10:00 h. e as 14:00 h.

6(429).- SOLICITUDE DA A.VV. CRISTO DA VICTORIA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A XXVIII MEDIA MARATÓN POPULAR DE COIA O DÍA 21.05.06. EXPTE. 6143/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.02.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a AVV Cristo da Victoria de Coia a organizar o vindeiro día 21 de maio de 2006 a XXVIII Media Maratón Popular de Coia co percorrido seguinte: Saída dende a rúa Redondela, diante do local social da A.VV. as 10:00 H. e percorrido polas rúas Redondela Avda. Castelao Xiro á altura da rúa Estrada, avda. de Castelao dirección Samil, avda. Europa, avda. Samil xiro á altura das instalacións deportivas municipais do IMD, avda. Europa, Avda. Castelao e chegada á rúa Redondela. O horario de comezo e remata das diferentes carreiras será entre as 10,00 h e as 13,30 h.

7(430).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUÍR NA NÓMINA DO MES DE MAIO DE 2006.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral, do 28.04.06, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal para incluír na nómina do mes de maio que de seguido se transcriben:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1210	Conserxería	1502,90 €
1212	Parque Móbil	259,76 €
1216	Patrimonio e Contratación	99,96 €
2220	Seguridade e Mobilidade	701,67 €
3130	Benestar Social	41,02 €
4220	Educación	497,23 €
4430	Cemiterios	152,57 €
4450	Medio Ambiente	249,09 €
4513	Museos	24,48 €
4631	Participación Cidadá	64,60 €
5110	Vías e Obras	4.445,14 €

TOTAL	8.038,42 €
-------	------------

8(431).- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DA TITULARIDADE MUNICIPAL DA PARCELA “RÚA ALFONSO ALVAREZ VÁZQUEZ”, SITA NA RÚA BUENOS AIRES. EXPTE. 17687/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 12.04.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- Polo Concelleiro Delegado de Patrimonio, en data 1 de marzo 2006, dictouse Orde de Servizo para o inicio dun expediente de investigación da parcela denominada “rúa Alvarez Vazquez”, dacordo co disposto no art. 45 e ss do RD 1372/86 de Bens das Entidades locais, e co fin de dar cumprimento ao acordado polo Pleno Municipal en sesión de 27 de febreiro de 2006 de inscrición no Rexistro Municipal de Bens dos terreos da rúa Alfonso Alvarez Vázquez.

2.- A oficina de disciplina urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo remite, en data 23.03.2006, fotocopia do exp 13.441/423, instruído ao nome da Comunidade de Propietarios Sanjurjo Badía 260, referente á obras na Avda. de Buenos Aires nº 6, incorporándose o presente como antecedente do mesmo pola súa incidencia sobre a parcela obxeto de investigación.

3.- O Servizo de Cartografía emite informe, en data 11.04.2006, describindo a parcela coas seguintes características, ao tempo que achega plano de situación e deslinde (escala 1:2000/1:200):

Rúa Alvarez Vázquez

Superficie: 594 m2.

Lindeiros:

N- Edifícios núms. 4 e 6 da rúa Buenos Aires e núm. 260 da rúa Sanjurjo Badía.

S- Xunta de Galicia.

L- Rúa Buenos Aires.

O- Xunta de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro.- As Entidades Locais, na súa condición de Administracións Públicas de carácter territorial, e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens (art. 4.1.d da LRBRL).

Neste senso, a LPAP no marco das facultades e prerrogativas recoñecidas ás AAPP para a defensa e protección do seu patrimonio, dispón a da investigación da situación dos bens e dereitos que, presumiblemente poidan formar parte do seu patrimonio, coa finalidade de determinar a titularidade dos mesmos, cando non conste esta de xeito certo (art. 41.1.a) e art. 45 LPAP).

Segundo.- O procedemento administrativo para o exercicio da potestade investigatoria, ven regulado no RBEL nos art. 45 e ss, establecéndose no seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación á iniciativa, no seu caso, de calquer outra Administración que, en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento os feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base ao exercicio da acción.

Así mesmo a LRXAP e PAC sinala que os procedementos puidesen iniciarse á solicitude de persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia da orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

Terceiro.- A competencia para a adopción do acordo de inicio do expediente de investigación da parcela “Rúa Alvarez Vázquez” , como a resolución do mesmo, ven atribuída á Xunta de Goberno Local na condición de órgano xestor do patrimonio en concorrencia coas súas facultades para o exercicio das accións xudiciais e administrativas no seu ámbito (art. 127.1.f) e 127.1.j) da LRBRL).

O acordo do inicio do expediente deberá publicarse no BOP con expresión das características identificativas da parcela obxecto de investigación, con exposición no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de quince días, dando traslado á Administración Autonómica e do Estado, e notificación á terceiros afectados. (art. 49 e 50 RBEL).

A teor do que antecede, e en cumprimento da orde de servizo de 1 de marzo do presente ano, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal da parcela “Rúa Alfonso Alvarez Vázquez” , sita na rúa Buenos Aires da parroquia de Teis, no termo municipal de Vigo, dunha superficie de 594 m2. e cos seguintes lindeiros: N- Edificios núms. 4 e 6 da rúa Buenos Aires e núm. 260 da rúa Sanjurjo Badía; S- Xunta de Galicia; L- Rúa Buenos Aires; O-Xunta de Galicia.

2º.- Someter polo procedemento regulamentario á información pública o presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado, e notificación aos interesados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(432).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR INTERPARKING HISPANIA S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17.08.05, RESOLUTORIO DE EXPTE. SANCIONADOR. EXPTE. 17260/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 21.04.06, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de Aplicación:

- *Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*

INFORME PROPOSTA

Primeiro.-A Xunta de Goberno Local en sesión de 17.08.2005 resolve o expediente sancionador incoado a Interparking Hispania, S.A., concesionaria dos aparcamentos públicos da Praza de Portugal e Porta do Sol, desta cidade, acordando “Impoñer a Interparking Hispania S.A. unha sanción de 11.171, 04 €. polo incumprimento do Decreto da Alcaldía de 26.03.01 para a realización das obras de reparación no aparcamento público subterráneo da Porta do Sol, sinaladas no informe do arquitecto de patrimonio de data 27-02-2001.”

Acordo que lle foi notificada á interesada en data 30.09.2005.

Segundo.-A Sociedade Interparking Hispania, S.A. con data 1 de novembro de 2005 interpon recurso de reposición contra o acordo adoptado, solicitando, en base as alegacións nel formuladas, a anulación do acordo recorrido, deixando sen efecto a sanción imposta, e subsidiariamente a adecuación da sanción ao número de prazas que de xeito efectivo constitúen neste momento o aparcamento.

Terceiro.- A recorrente no seu escrito reproduce alegacións xa formuladas pola mesma durante a tramitación do procedemento sancionador (considera ter dado cumprimento o requerimento do concello de 26.03.2001; e que o núm de prazas do aparcamento computadas no cálculo da sanción non é o actual), cuestións informadas e respostadas na fase instructora na proposta de resolución formulada e da que deuselle traslado á interesada dacordo co art.19 do RD 1398/1993 de 4 de agosto, como no acordo resolutorio finalmente adoptado e obxeto de recurso.

A teor do exposto, estímase axustado á dereito o acordo adoptado, non concorrendo causas legais que desvirtúen a fundamentación xurídica na que se basou, procedendo ao rexeitamento do recurso interposto pola interesada, e, conseguintemente, a solicitude da anulación da sanción imposta, como a formulada con carácter subsidiario de adecuación da contía da sanción.

Cuarto.- Resulta competente para a resolución do recurso potestativo de reposición interposto pola concesionaria Interparking Hispania, S.A contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 17.08.2005, a Xunta de Goberno Local de confomidade co disposto no art. 116 da LRXAP e PAC, e art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Interparking Hispania S.A. contra o acordo da Xunta de Goberno local de 17.08.2005 ao non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a súa adopción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(433).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARTA FERNÁNDEZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 468/243. DECLARAR RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC.SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.04.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Marta Fernández Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 13 de decembro de 2004, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 8561-BCD, pola rúa A Gandariña (en A Vagunda – Lavadores) á altura do número 19, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/02/2005, manifestando que o dado que estaba cuberto polo palet orixe do accidente pertence á rede de saneamento e que as obras de reparación do mesmo foron executadas por Aqualia.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 21/02/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1210 de Talleres Alcabre, presentada pola reclamante, por un valor de 323,33 euros IVE incluído son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Práctica de proba testifical, en data 13/05/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Fernández e indican que esta chocou contra un palet que cubría unha focha e que había néboa no momento do accidente.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 18/07/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 07/10/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgo en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido á existencia dunha focha na calzada, tapada por un palet de madeira, tal e como manifestan as testemuñas presenciais dos feitos e corrobora o informe do Servizo de Vías e Obras, que manifesta que se trataba dun dado da rede de sumidoiros que foi reparado por Aqualia.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Marta Fernández Alonso.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 323,33 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(434).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA UAD CEDRO DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO 2006, PARA CUBRIR PERÍODO VACACIONAL. EXPTE. 163778/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.04.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos do 17.04.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di como se transcribe:

Con data 3 de abril de 2005, o Director da U.A.D. CEDRO, coa conformidade do xefe da área de Acción Social e da delegada de Participación Cidadá, solicita a substitución das dúas auxiliares de laboratorio do dito Servizo, durante os meses de xullo e agosto do presente ano, período vacacional regulamentario de ámbalas dúas funcionarias, tal e como se ven realizando en anos precedentes.

Así mesmo, no referido escrito solicítase tamén a substitución de médico-psiquiatra durante o disfrute do período vacacional correspondente o presente ano.

Dita contratación xustifícase polo propio carácter social da prestación do servizo e a presión asistencial ó que está sometido o mesmo, posto que a toma dos opiáceos substitutivos son necesariamente diarias e presenciais e afectan aproximadamente a uns 1.200 pacientes diarios.

Fundamentos legais:

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuaráse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo, poderáse tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballo de carácter temporal e conxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da

Administración Local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública) e que deben formar parte da oferta de emprego pública. Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso, en todo caso, cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95.

Por esta razón, o artigo 249.1 da Lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral, o concurso, excepto nos casos de urxencia.

A Lei 51/80, de 8 de outubro, básica de emprego, configura ó Instituto Nacional de Emprego como un servizo público e gratuito (art. 40), que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos (art. 43), todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren incritos no rexistro de ofertas de emprego (artigo 44). Nese mesmo senso refírese a Lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego.

Consonte ó artigo 42.4 da Lei 51/80, as empresas poderán elixir libremente entre os traballadores inscritos nas respectivas oficinas de emprego, debendo as administracións territoriais participar das mesmas obrigas que as establecidas para as empresas sempre que a relación cos traballadores sexa de carácter laboral (art. 42).

De conformidade co disposto no artigo 27 do RD 364/95, de 10 de marzo, o procedemento empregado para o nomeamento de persoal interino efectuaráse con arranxo ós principios de mérito e capacidade, debendose posibilita-la máxima axilidade na selección, en atención á urxencia requirida.

No artigo 15.1 c) do E.T., desenvolvido polo R.D. 2720/98, de 18 de decembro, e RDL 5/2001, de 2 de marzo, contéplase a posibilidade de que as empresas –incluídas as administracións públicas- poidan realizar contratos de substitución e interinidade para substituír a traballadores ausentes con reserva de posto ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir –contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establececese, como máximo, en seis meses. A xurisprudencia do Tribunal Supremo (SS. de 5 de xullo de 1994, RJ 6339 de 12 de xullo de 1994, RJ 7156, entre outras) veñen admitindo expresamente a viabilidade desta modalidade contractual para garanti-la debida suplencia de traballadores durante os períodos vacacionais.

Entendese, por outra banda, amparada esta contratación ó abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 30/2005, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

O importe das contratacións propostas é o seguinte:

IMPORTE TOTAL: 6427,49 € con cargo á partida 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral.

AUXILIAR LABORATORIO

Retribucións Básicas: 564.39 €
Complemento Destino : 323.80 €
Complemento específico: 432.37 €
Total Mensual: 1320.56 €
Parte proporcional paga Extra: 440.18 €
IMPORTE TOTAL (2 meses): 3081.30 €

MEDICO

Retribucións Básicas: 1091.02€
Complemento Destino : 690.47 €
Complemento específico: 1086.67 €
Total Mensual: 2868.16 €
Parte proporcional paga Extra: 478.02 €
IMPORTE TOTAL: 3346.18 €

Por isto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA de acordo para a cobertura temporal de dous traballadores de CEDRO (un/unha auxiliares de laboratorio e un médico do Centro) durante o seu período vacacional, que garante a prestación do servizo:

“Primeiro.- Solicitar do Instituto Nacional de Emprego (competencias actualmente asumidas polo Servicio Galego de Colocación) oferta xenérica para que sexan remitidos tres candidatos/as que responden ás seguintes características: estar en posesión de titulación de FP-1, rama laboratorio e contar con experiencia con drogodependentes, ó obxecto de ser seleccionado un/unha deles/as en consideración ó curriculum, os efectos da súa contratación como auxiliar de laboratorio por un período de dous meses.

Segundo.- Solicitar así mesmo do Instituto Nacional de Emprego, oferta xenérica para que sexan remitidos tres candidatos/as que responden ás seguintes características: estar en posesión de titulación de Licenciado/a en Medicina e contar con experiencia con drogodependentes, ó obxecto de ser seleccionado un deles en consideración ó curriculum, os efectos da súa contratación como médico/a, polo un período dun mes, no que disfrutará as súas vacacións regulamentarias o titular da praza.

Terceiro.- Que por unha Comisión de selección composta pola delegada da área de Participación Cidadá –que actuará como presidente-, o Director de CEDRO ou técnico no que delegue, un funcionario municipal designado polo Comité de persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar), e o xefe da unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como Secretario-, unha vez realizada a entrevista ós aspirantes remitidos polo Instituto Nacional de Emprego e tra-lo exame do curriculum, propoña un candidato por cada un dos postos a cubrir, co obxecto de formalizala súa contratación, pudiendo esixirse a realización dunha proba oral ou escrita de carácter práctico, sobre o contido das tarefas propia do posto.

Cuarto.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos cos/as candidatos/as, propostos pola citada Comisión, unha vez resolta a selección, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de trefas (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(435).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DE 12 OPERARIOS-PEÓNS PARA REFORZO DA LIMPEZA DOS AREAIS DAS PRAIAS. EXPTE. 16381/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.04.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos do 12.04.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di como se transcribe:

Antecedentes.

Con data 17 de xaneiro de 2006, o Técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, solicitou a contratación de doce operarios-peóns para reforzar a limpeza dos areais, formando parte do actual equipo de limpeza que está a desenvolver diversos traballos durante todo o ano e que traballan baixo a supervisión do órgano xestor, por un período comprendido entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2006.

O concelleiro-delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo, de data 13 de abril de 2006, autorizou a referida contratación, ordeando á Unidade de Persoal a tramitación do correspondente expediente.

En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso para a cobertura dos postos mencionados, ue permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, a lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego, como un servicio público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20 da lei 30/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006,, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

O importe das contratacións propostas é o seguinte:

IMPORTE TOTAL: 50921,77€ con cargo á partida 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral.

Retribucións Básicas: 515,24 €

Complemento Destino : 257,16 €

Complemento específico: 440,02 €

Total Mensual: 1212,42 €

Parte proporcional paga Extra: 606,21

IMPORTE TOTAL (3 meses- 12 peones): 50921,77€

Por todo iso, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

1º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos trinta e seis candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en limpeza de viais, praias e espazos públicos.

2º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña doce candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós/ás candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(436).- CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2006. EXPTE. 16408/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 24.04.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2006, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 2 de maio ata 31 de xullo do presente ano.

2º.- Aprobar o establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 7969.00 € (6668.00 € para o persoal adscrito ó Servizo de Desinfección e 1.301,00 € para o persoal do Parque Móbil) que será repartido equitativamente entre o persoal que voluntariamente participe na referida campaña, na proporción que resulte segundo os días traballados por cada empregado.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

14(437).- PRODUCTIVIDADE A PERSOAL DE CONSERXERÍA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2006. EXPTE. 16402/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, adscritos a Conserxería Municipal, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:

- D^a. M^a. Teresa Vaqueiro Herbelo, núm. persoal 9410, xefa de subalternos, 74,60€.
- D. Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe, 574,43 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

15(438).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS-MARZO 2006. EXPTE.16391/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de MARZO-2006, e que ascenden a un total de 1.237'83 € (MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

16(439).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS - XANEIRO E FEBREIRO 2006. EXPTE. 16389/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Berges Rodríguez e remata por don Carlos Iglesias Ferreira, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ós meses de XANEIRO e FEBREIRO-2006, e

que ascenden a un total de 383'04 € (TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

17(440).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN - FEBREIRO E MARZO 2006. EXPTE. 16392/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ós meses de FEBREIRO E MARZO-2006 e que ascenden a un total 1.402'68 € (MIL CATROCENTOS DOUS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

18(441).- PRODUCTIVIDADE POR MANEXO MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL - 1º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16401/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2006, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Cándido Souto Benitez e que ascenden a un total de 2.127'38 € (DOUS MIL CENTO VINTESETE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

19(442).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO, SEN SER OFICIAL CONDUCTOR, DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS - 1º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 3465/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do servicio de Montes, Parques e Xardíns, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no

expediente, por un importe total de 1.176'14 € (MIL CENTO SETENTA E SEIS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

20(443).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN VEHÍCULO, SEN SER OFICIAL CONDUCTOR, DE FUNCIONARIO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS - 1º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16396/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo sarxento do Servicio de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 146'28 € (CENTO COARENTA E SEIS EUROS CON VINTEOITO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

21(444).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS, SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES, DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN - 1º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16397/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal do servicio de Desinfección, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 365'04 € (TRESCEMOS SESENTA E CINCO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(445).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN VEHÍCULOS MUNICIPAIS, SEN SER OFICIAIS CONDUCTORES, DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS - 4º TRIMESTRE 2005. EXPTE. 3466/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por don Joaquín Domínguez Casales e de don José A. Lodeiro Lodeiro aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, por un importe total de 268'32 € (DOUSCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS), segundo relacións que se achegan correspondentes o 4º TRIMESTRE do ano 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

23(446).- PRODUCTIVIDADE POR SERVIZOS PRESTADOS COMO PALISTAS POR PERSOAL DO PARQUE MÓBIL - MARZO 2006. EXPTE. 16394/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García e a don Florentino Prieto Domínguez que figura na relación que se achega no expediente e que ascende a un total de 119'42 € (CENTO DEZANOVE EUROS CON COARENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondente ós meses de FEBREIRO e MARZO de 2006 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(447).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL - MARZO 2006. EXPTE. 16388/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 18.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura na relación achegada no expediente e que comenza por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por don Amantino Fernández Fernández do Museo, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 76.202'98 € (SETENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de MARZO de 2006.

SERVIZO	IMPORTE
CEMITERIOS	1.677'65
POLICÍA LOCAL	41.788'89
	25.992'72
	1.474'20
	202'08
	663'52
	172'06
	1.842'62
	898'04
	238'16
	742'56
	36'98
	36'40
	437'10
TOTAL	76.202'98

25(448).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS – FEBREIRO E MARZO DE 2006. EXPTE. 16393/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ós meses de FEBREIRO e MARZO-2006, e que ascenden a un total de 1.220'40 € (MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

26(449).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DE GRAN GALA, PRESTADOS POR PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 16395/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.04.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.04.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Recepción ó Presidente da Xunta”, “Entrega de Galardóns Vigueses Distinguidos” e “Día da Reconquista de Vigo”, aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega e que comeza por don Manuel Barciela Rivera e remata por dona Katia M^a González García, por unha cantidade total de 1.336’80 € (MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS).

27(450).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A DECORACIONES MANUEL VILA S.L. POR PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN ANDAMIO NA RÚA URZÁIZ, 21. EXPTE. 23893/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.04.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 05 de outubro de 2005, autorizouse a DECORACIONES MANUEL VILA, S.L. a ocupación da vía pública con número de expediente – 46490/250.05, cun ANDAMIO de 11 X 1,5 metros na r/URZAIZ, 21, para a limpeza de paredes e pintado de galerías. Constituindo unha fianza de (1.000 € - mil euros), con número de mandamento de ingreso 200500045141 de data 05-10-2005.

Solicitada a devolución da fianza, unha vez tramitada a Baixa da ocupación da vía pública e rematadas as obras, con número de documento 60034833 con data de entrada no rexistro xeral de 03-04-2006. Remítese a inspección.

Na inspección feita con data 21 de abril de 2006, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (1.000 € - mil euros), a favor de DECORACIONES MANUEL VILA, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (1.000 € - mil euros), a favor de DECORACIONES MANUEL VILA, S.L.

28(451).- RECLAMACIÓN DE XUROS DE MORA DA UTE “FRAGOSO” POR RETRASO NO PAGAMENTO DAS CERTIFICACIÓNS DAS OBRAS EXECUTADAS NA AVDA. FRAGOSO. EXPTE. 47489/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 28.04.06, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

“O Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal con data 28 de decembro de 2005, resolveu estimar en parte a reclamación de xuros de mora formulada por D. Manuel Alfaya Miguélez en representación da

UTE “Fragoso” polo retraso no aboamento de cantidades endebedadas pola execución das obras de humanización da avda. Fragoso e por un importe de 4.554,95 €.

Esta resolución foi notificada con data 19.01.05 e nesta data e firme, por non terse formulado recurso.

Polo tanto, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e aboar a D. Manuel Alfaya Miguélez en nome e representación da UTE FRAGOSO (Puentes y Calzadas Empresa Constructora S.A. y Cymel S.L) en concepto de xuros de mora e polo retraso no aboamento de cantidades endebedadas pola execución das obras de humanización da avda. Fragoso, o importe de 4.554,95 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(452).- APROBACIÓN TÉCNICA DO “MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CERVANTES”. EXPTE. 186/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 25.04.06, que di o seguinte:

O modificado número 1 do PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CERVANTES, foi redactado pola Inxeñería Plans Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán, en abril de 2006

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización das rúas, asimilando os acabados e aliniacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de (39.489,03 €) (TRINTA E NOVE MIL CATROCIENTOS OITETA E NOVE EUROS CON TRES CÉNTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e proponse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o modificado número 1 do PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CERVANTES, cun orzamento base de licitación de 39.489,03 € (TRINTA E NOVE MIL CATROCIENTOS ITENTA E NOVE EUROS CON TRES CÉNTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(453).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 124/322.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Oficina municipal de Voluntariado, do 2.05.06, que di o seguinte:

A Oficina Municipal de Voluntariado ven contando con financiación da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de accións neste ámbito. No ano 2005 a OMV recibiu financiación por importe de 21.000 € vía subvención a través da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

En data 12 de abril deste ano publícase no DOGA orde do 31 de marzo de 2006 pola que se regulan as bases que rixen as subvencións dirixidas ós concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado. (Achegase convocatoria ao presente expediente).

O Concello de Vigo a través da OMV opta á devandita subvención para posibilitar a posta en marcha, execución ou potenciación das accións integradas no programa municipal de voluntariado, integrado polos proxectos/programas que se relacionan a continuación, tendo como prazo límite, segundo as bases establecidas, 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no referenciado DOGA.

Programa Municipal de Voluntariado (descricións das accións en documento anexo)

Relación de Proxectos:

- 1. Potenciación da Oficina Municipal de Voluntariado.*
- 2. Voluntarios/as en Acompañamento.*
- 3. Voluntariado Medioambiental.*
- 4. Formación de Voluntarios/as da OMV, Formación para Xestores e para Voluntarios/as das Onl.s. Accións de Seguemento e Avaliación.*
- 5. Campaña Informativa do Voluntariado a través dun Portal Interactivo de Voluntariado en Internet. Potenciación do Portal de Voluntariado.*
- 6. Campaña de Sensibilización do Voluntariado a través da OMV:*
 - Campaña de Publicidade*

- *Mostra de Voluntariado*
- 7. *Voluntarios/as para a realización das Actividades propias das Asociacións Inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- 8. *Proxecto de Voluntariado en Hospitais Centros da Terceira Idade e Menores.*
- 9. *Estatísticas, Estudos e Investigación sobre o Voluntariado.*

Atendendo ao exposto, solicítase a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

- Autorización para a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención segundo a convocatoria, realizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, publicada no DOGA de data 12 de abril de 2006, dirixidas ós Concellos e ás mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Autorización para a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención segundo a convocatoria, realizada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, publicada no DOGA de data 12 de abril de 2006, dirixidas ós Concellos e ás mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

31(454).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS (FASE 2: RÚAS PESCADERÍA E BAIXADA Á FONTE)”. EXPTE. 162/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 3.05.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de remodelación da zona das ostras fase 2 A rúa Pescadería redactado polos enxeñeiros de camiños D. Santiago López Fontan e D. Jerónimo Centrón Castaños e polo Arquitecto D. Serge Gabriel.

2º.- Autorizar o gasto de 300.000 euros para a execución do proxecto de remodelación da zona das ostras fase 2 A rúa Pescadería que están consignados nas partidas 7510.611.00.00 do presuposto do ano 2006.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras de remodelación da zona das ostras fase 2 A rúa Pescadería, de data 3.05.06.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

32(455).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDICIÓN DO MATERIAL PUBLICITARIO PROMOCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO. EXPTE. 1894/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 6.04.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Turismo e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 135.000 euros para a prestación dos servizos de edición do material promocional da concellería de Turismo que se imputarán á partida presupuestaria 751.0.226.02.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de 4.04.06, e o prego de prescrición técnicas para a prestación dos servizos de edición do material promocional da concellería de Turismo, de 16.02.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación Ordinaria.

33(456).-BASES DE PARTICIPACIÓN NO XII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1889/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 4.05.06 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animaicón sociocultural do 4.05.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de participación no XII Festival Folclórico Internacional "Concello de Vigo", que de seguido se transcriben.

BASES DE PARTICIPACIÓN NO XII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL "CONCELLO DE VIGO "

1. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural vai programar o XII Festival Folclórico Internacional "Concello de Vigo", creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular a todas e todos os veciños do termo municipal.*

Por este motivo, ofértase un espectáculo folclórico a cinco escenarios ou recintos de actuación para acoller a presente edición do festival, concretamente os días 14, 16, 18, 19 e 20 de xullo.

2. *Poderán inscribirse todas aquelas entidades ou asociacións de carácter socio-cultural de Vigo que estean interesadas en acoller un destes espectáculos.*
3. *A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; o prazo será dende o 15 ata as 14,00 horas do 26 de maio ambos inclusive.*

De houber máis solicitudes que cumpran os requisitos previstos nestas bases, que espectáculos ofertados (un total de cinco), a admisión realizarase segundo a seguinte orde de preferencia:

- a) *Aquelas entidades que solicitaron a súa participación na edición anterior (ano 2005) e quedaron como suplentes, e non recibiron o festival. Non se entenderá como tal, aquelas entidades que renunciasen a albergar o festival, calquera que sexa a causa da renuncia. En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os cinco espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- b) *De haber vacantes, aquelas entidades que non solicitaron a súa participación na edición anterior do festival (ano 2005). En caso de haber máis solicitudes que cumpran este requisito que os espectáculos ofertados, realizarase un sorteo puro entre elas.*
- c) *De seguir habendo vacantes, realizarase un sorteo público entre os restantes solicitantes para decidir as entidades beneficiarias.*

Estes sorteos terán lugar o día 30 de maio na Casa do Concello, a partir das 12'00 horas, e servirán para decidir a orde dos suplentes, de ser o caso.

Tamén, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir cál entraría no sorteo definitivo.

4. *En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado polo Concello de Vigo poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria; así mesmo, non poderá aparecer publicitado en relación con outros espectáculos ou actividades.*

5. *As condicións que imprescindiblemente deberá reunir o recinto de actuación de cada entidade ou asociación serán as seguintes:*

a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m de largo x 1 m de alto.

b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 “watios”.

c) Cadeiras necesarias segundo a súa capacidade. Neste apartado hai que subliñar que dende a Concellaría de Festas xa non existe o préstamo de cadeiras.

d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potabel, perchas, espellos e cadeiras.

En caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola entidade ou asociación posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de “Observacións” do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar para tal efecto (por exemplo: solicitude do enganche oficial, alugueiro de escenario ou camerinos eventuais, etc.). A presentación da solicitude de participación supón o compromiso da entidade de cumprir con todas estas necesidades e requisitos.

6. *Membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución do concelleiro, o festival pasaría ao primeiro dos suplentes e así sucesivamente.*

7. *O Concello de Vigo achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:*

a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.

b) Tres grupos folclóricos.

c) Elementos publicitarios (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.

d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.

8. *A entidade ou asociación beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Concellaría de Festas e a comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.*
9. *A hora de comezo de todos os festivais será ás 21'30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.*
10. *Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore, preferentemente galego, que disporán dun tempo máximo de actuación de vinte minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Concellaría de Festas antes do día 18 de xuño, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.*
11. *A data de realización de cada un dos cinco espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Concellaría de Festas e pola comisión organizadora do festival, ou, se así o decidisen, mediante un sorteo público en data e hora que determinará no seu momento e que se lles comunicará ós/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.*
12. *Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria, coa colaboración da comisión organizadora, deberá cubrir unha ficha que lle será facilitada e que incluírá datos e incidencias acerca do espectáculo.*
13. *En caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.*
14. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.*

34(457).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez